

BASES XERAIS

CURSO DE “INTERVENCIÓN NA ATENCIÓN SOCIOSANITARIA EN INSTITUCIÓNS SOCIAIS”

1. INFORMACIÓN XERAL

O curso de “*Intervención na atención sociosanitaria en institucións sociais*” terá unha duración de 70 horas.

Datas formación: 3, 4, 5, 6, 7, 10, 11, 12, 13, 14, 17, 18, 19 e 20 de xuño.

Horario: 09:00 a 14:00 horas.

Lugar: Aula 1 do Centro Sociocultural - Auditorio de Rianxo

Cota de inscrición: 20 euros

Número máximo prazas: 20 - Número mínimo prazas: 10

2. DESTINATARIOS/AS

Persoas interesadas en acadar coñecemento sobre a atención sociosanitaria en institucións sociais, maiores de 16 anos. Darase preferencia aos solicitantes que estean empadroados no Concello de Rianxo.

3. INSCRICIÓNS

As persoas que desexan participar neste curso presentarán a ficha de inscrición completamente cuberta. Poderá remitilas por algún dos seguintes medios:

- Nas oficinas do Servizo de Información Xuvenil
- Inscrición en liña en www.concelloderianxo.es

O prazo para presentar as solicitudes será **dende o 15 de maio ás 12:00 ata o 26 de maio ás 24:00 horas.**



4. SELECCIÓN

1º Por orde de inscrición entre os que estean empadroados en Rianxo.

2º Por orde de inscrición

5. LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS

O listado definitivo de admitidos publicarase entre os días 27 e 28 de maio na páxina web do Concello de Rianxo www.concelloderianxo.es e no taboleiro municipal.

Os admitidos/as terán un prazo de 2 días para facer o abono da cota de inscrición (20 euros), presentando o xustificante bancario no Servizo de Información e Animación Xuvenil. De non recibirse o xustificante o segundo día, chamarase ao seguinte do listado que terá un prazo de 2 días para aboalo.

Tanto no caso de non comezar o curso e non comunicalo por escrito previamente, como de sobrevir na súa participación non se devolverá a cota de inscrición.

6. RÉXIME DE ASISTENCIA E DIPLOMAS

A expedición do diploma supeditase á acreditación dunha presenza mínima do 90% das horas, aínda cando as causas estiveran xustificadas.

Os diplomas entregaranse ao rematar o curso ou serán enviados por correo postal.